

¿Que pasa con Vicente Risco?

Anxo Tarrío Varela

Estaba eu a afrontar esa difícil e incomprendida escolla de informar un pouco das lecturas que vou facendo entre a morea de libros que ateigan a miña mesa de traballo, cando me chegou un libriño primorosamente impreso polo obradoiro gráfico LITONOR e patrocinado pola Consellería de Cultura. O seu autor, que non é outro có sensible e agudo xornalista Arturo Lezcano, traza nel un rápido e ameno retrato físico, intelectual e espiritual de Vicente Risco (1884-1963), aquel ourensán paradigmático, aquela personalidade da nosa Historia grande que, malia ter morto xa hai trinta e tres anos, segue vivo pola forza do seu pensamento, pola súa textura hipercrítica e pola impronta que deixou no proceso de formación do discurso nacionalista galego, pois non é por casualidade que a súa persoa se prestase tanto, dende sempre, á controversia, a se facer centro de debates quentes (non sempre todo o enriquecedores que un queredría) e a ser obxecto das miradas máis dispares: dende as que ven nel un traidor á causa nacionalista, e mesmo á democracia, até quen non dubidan en defendelo cegamente, pasando por aqueles outros que ponderadamente queren situalo no lugar que lle corresponde, valorando a súa enorme capacidade intelectual, a súa agudeza dialéctica e a súa probada cultura, pero tamén poñendo de manifesto algunhas contradicións que non sempre teñen doada explicación e mesmo xustificación.

Precisamente, e non alcanzo a saber ben por qué, dende hai uns poucos anos a esta parte, parece que esa permanente controversia se recrudeceu, en foros públicos e privados, cunha contundencia, e mesmo acritude por parte de alguén, que non casa coa esperada serenidade con que se debería afrontar o diálogo sobre unha persoa desaparecida hai xa o número suficiente de anos como para que os ánimos abandonasen o eido das paixóns e recalasen na tranquila camposa da racionalidade.

Este libriño, que non pretende ir máis alá do que supón un traballo de divulgación, enfiase, nembargantes, nesta polémica, en tanto en canto o seu autor, que coñeceu persoalmente a Vicente Risco, non agocha os seus sentimentos de admiración e mesmo de veneración polo mestre, defendéndoo das acusacións, máis ou menos veladas, de filofascista e aínda filonazi, que non encaixan co talante liberal e tolerante (se ben con moitas reservas cara ás ditaduras de esquerda: “Rapaz, rapaz, as ditaduras de Dereitas só escravizan por fóra”) que Lezcano, aínda situado nas antípodas de Risco polos anos

(1960-1962) en que o tratou, afirma ter recoñecido de sempre no autor de *Las Tinieblas de Occidente*.

A editorial Galaxia acaba de publicar en sete grosos volumes a obra enteira de Vicente Risco. E cando digo grosos volumes non falo a fume de pallas, pois algún deles anda preto das mil páxinas. Aí poderá atopar o meu lector material abondo para xulgar o labor enorme do polígrafo ourensán. Pero a Historia dos homes é algo máis que traballo amanuense ou mecanográfico consolidado en obras obxectivas, de maior ou menor envergadura física, polo que cómpre, ás veces, facer arrodeos e asedios á súa cerna dende outras fontes, porque, como é ben sabido, para ben e para mal, as apariencias son enganosas e xa Risco foi o primeiro en dicir que “tódalas cousas deste mundo son **asegún**”. Así que haberá que seguir estudiando a súa voluminosa obra, aínda que non sexa máis que a xeito de pretexto para avanzar no progreso do pensamento. Este novo e ameno libriño de Arturo Lezcano, titulado sinxelamente *Vicente Risco* e que se le nunha hora, é outra espoleta máis para animar un debate que coido eu debe ser aberto, sereo, culto, ecuánime, tolerante e non sectario, aíndan que xa sei que, por mágoa, é moito pedir.

O Correo Galego, 1996